

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de agosto de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día dez de agosto de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1076).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DOS LOTES 2 E 3 DA PRODUCCIÓN DAS FESTAS DE VERÁN DE VIGO. EXPTE. 3273/335.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta de data 6.08.09, da Secretaria da Mesa de Contratación, coa dilixencia de toma de razón contable asinada polo interventor xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a PRODUCCIONES EMSAC, S.L., o lote 2 (producción Peirao de Transatlánticos) do Procedemento negociado sen publicidade dos servizos de produción integral das Festas de Verán 2009 por un prezo total de 141.520 euros (a cota correspondente o IVE é de 19. 520 euros).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 15-07-2009 e a oferta presentada.

2º.- Adxudicar definitivamente a PRODUCCIONES EMSAC, S.L., o lote 3 (producción Praza da Estrela, Praza da Constitución, Praza de Compostela, Praza do Rei, Maratón fotográfico, Monte do Castro e animación de rúa) do Procedemento negociado sen publicidade dos servizos de produción integral das Festas de Verán 2009 por un prezo total de 145.232 euros (a cota correspondente o IVE é de 20.032 euros).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 15-07-2009 e a oferta presentada.

2(1077).- CONTRATACIÓN COA COMPAÑÍA ELÉCTRICA UNIÓN FENOSA PARA SUBMINISTRACIÓNS MUNICIPAIS DE BAIXA TENSIÓN IGUAL OU INFERIOR A 10 KW. EXPTE. 111/440.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 7.08.09, que di o seguinte:

Antecedentes

O pasado 23 de xuño de 2009, publicouse no BOE a Orde ITC/1659/2009, de 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa ao subministro de último recurso de enerxía eléctrica, e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica (TUR).

Na devandita Orde, no seu capítulo VII, determínanse os prezos e condicións de aplicación do subministro dos consumidores que, sen ter dereito a acollerse á TUR, transitoriamente carezan dun contrato de subministro en vigor cun comercializador e continúen consumindo enerxía eléctrica.

Os subministros que poidan acollerse á (TUR), son aqueles de baixa tensión de potencia contratada inferior ou igual a 10 KW; tendo a obriga de pasar a mercado libre, os que teñan unha potencia contratada superior a 10 KW.

A Orde ITC/1659/2009, na disposición transitoria cuarta, expón o prezo aplicable ata o 1 de abril de 2010 en aqueles consumidores de baixa tensión, que sen ter dereito a acollerse á TUR, transitoriamente carezan dun contrato de subministro cun comercializador e continúen consumindo enerxía eléctrica.

Estes prezos TUR incrementáanse nun 17,5 % en relación aos prezos aplicables dende o 1 de xaneiro de 2009 ata o 30 de xuño de 2009.

A partir do mes de outubro de 2009, os devanditos prezos incrementaránse trimestralmente nun 5 % ata o 1 de abril de 2010; a partir desta data, aplicarase o establecido con carácter xeral nesta orde no artigo 21, onde indica que o prezo a aplicar se incrementaría un 20%, sen aplicación de modalidade de discriminación horaria. Transcurridos seis meses sen que o consumidor contrate o

subministro no mercado libre considerarásese rescindido o contrato entre o consumidor e o comercializador de último recurso e, polo tanto, procederásese ao corte de subministro de enerxía eléctrica.

Actualmente estase a tramitar o expediente número 13017/444 para a contratación, polo procedemento aberto, de todos os subministros eléctricos municipais.

Atendendo ao exposto na devandita orde, e mentras non se adxudique o devandito expediente, solicitóuselle unha oferta alternativa á compañía eléctrica Unión Fenosa, para os subministros municipais con potencia contratada inferior ou igual a 10 KW, da cal se achega copia, e que dependendo do tipo de tarifa contratada supón os seguintes descontos sobre a tarifa anterior (vixente ata o 30 de xuño do 2009):

Subministros con tarifa 3.0.2.: 6% descuento.
Subministros con tarifa 3.0.1.: 6% descuento.
Subministros con tarifa 3.0.1. DH:... 3% descuento.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Autorizar de maneira provisional, e en tanto non se adxudique o expediente 13.017/444, de contratación de subministros municipais de enerxía eléctrica, á contratación coa compañía eléctrica das tarifas, cuxa relación se achega para os subministros municipais con potencia inferior ou igual a 10 KW:

Subministros con tarifa 3.0.2.: 6% descuento.
Subministros con tarifa 3.0.1.: 6% descuento.
Subministros con tarifa 3.0.1. DH:..... 3% descuento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1078).- MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TÚNELES E PASOS INFERIORES DE VIGO. EXPTE. 12907/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto os documentos contables RC acreditando a existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico e pola concelleira de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares e os seus Anexos, elaborados polo Servizo de Electro-Mecánicos e a Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto o “servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos túneis e pasos inferiores de Vigo” por catro anos (48 meses) prorrogables por outros dous (24 meses) de forma expresa, cun presuposto máximo de

2.273.712, 20 € (568.428,05 €/ ano) o que supón un prezo sin IVE de 1.960.098,72 € (490.024,18 €/ano) sendo o IVE a soportar pola Administración de 313.619,48 € (78.403,87 € / ano).

2º.- Autoriza-lo gasto para a contratación do servizo durante o presente exercicio con cargo á partida presupostaria 4324.227.0602.

3º.- Comprometerse a contemplar nos orzamentos municipais de exercicios futuros o importe necesario para facer fronte o gasto do contrato.

4º.- Abri-lo procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e nos pregos de condicións.

4(1079).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS MODIFICADOS DOS APARCAMENTOS SOTERRADOS DAS RÚAS JENARO DE LA FUENTE E CASTELAO, CONSISTENTES NA MELLORA DE URBANIZACIÓN DA SUPERFICIE DA CUBERTA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro municipal supervisor das obras, do 31.07.09, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

No entorno dos aparcamentos soterrados en construción de Jenaro de la Fuente e Castelao, estanse a realizar polo Concello, obras de humanización en diferentes rúas, tanto no Calvario coma en Coia, con unhas estándares de calidade moi superiores os previstos para as cuberías destes aparcamentos en concesión.

Previo o inicio das unidades de obra correspondentes a urbanización da cubería, a desenrolar según o proxecto aprobado, o técnico que subscribe púxoo en coñecemento do Sr. Concellal Delegado de Xestión Municipal , para que valorara a oportunidade de modificar as calidades dos materiais, tal coma se fixo co aparcamento de Urzáiz no seu día.

O Concellal Delegado estima que se debe mellorar a calidade da urbanización da cubería dos aparcamentos de Jenaro de la Fuente e Castelao, integrados no lote-2 do concurso, equiparando os materiais os do entorno, e dá a orde de redactar unha proposta.

En cumprimento de dita orde redáctase o seguinte INFORME:

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 21 de maio de 2007, acordou adjudicar a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A. o lote 2 do concurso para a xestión do servizo público mediante concesión para a construción e posterior xestión de tres aparcamentos públicos para vehículos automóbiles ñas rúas Castelao, Jenaro de la Fuente e Rosalía de Castro.

O 6 de xuño de 2008, a Xunta de Goberno Local aproba os Proxectos de Construcción dos aparcamentos de Jenaro de la Fuente e Castela, eos estándares de calidade previstos no Prego da Concesión, que respecto a urbanización da cuberta, e as unidades de obra mais representativas, se traduce en:

Pavimento de terrazo hidráulico ñas aceiras.

Desmontaxe, reparación e recolocación do mobiliario urbano existente.

Desmontaxe, reparación e recolocación do alumado público existente.

O proxecto aprobado nestas condicións, se axusta a oferta presentada no concurso que resultou ganadora do lote-2, e que corresponde á de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, SA.

Este acabado da tapa dos aparcamentos do lote-2 en construción, contrasta co que está a levar a cabo o Concelo ñas humanizacións de Cola e do Calvario. E concretamente, no entorno máis inmediato, onde, en contraposición as unidades de obra anteriores, se están a colocar as seguintes:

Pavimento de lousas de granito ñas aceiras.

Mobiliario público novo.

Alumado público novo.

Por conseguinte, é técnicaamente xustificable que a urbanización das cubertas dos aparcamentos soterrados de Jenaro de la Fuente e Castela se leve a cabo con un acabado acorde co novo entorno humanizado, isto é, mellorando a calidade dos materiais do proxecto aprobado. Para elo, de acordo coa lexislación vixente, e necesario redactar un Modificado do Proxecto de Execución.

O incremento presupostario que resulte do modificado, deberá ser asumido polo Concelo.

O custo da redacción do Proxecto Modificado será asumido polos redactores dos Proxectos de Execución.

En consecuencia, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1- Autorizar a iniciación do expediente de modificación do contrato de concesión de servizo público (exp-72151/250) dos aparcamentos de Jenaro de la Fuente e Castela, adxudicados pola Xunta de Goberno Local o 21 de maio de 2007, consistente na mellora da urbanización da superficie das dúas rúas.

2- Encargar a redacción da modificación do Proxecto de Execución dos aparcamentos de Jenaro de la Fuente e Castela ós técnicos redactores dos proxectos orixinais, sen que a redacción deste modificado represente un custo adicional para o Concelo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.